

Bases da convocatoria

I Premios CONNEXIO, espazos para a reflexión

1. Descrición, obxecto e finalidade da convocatoria.

O Concello de Lugo convoca os I Premios “CONNEXIO, espazos para a reflexión”, en adiante 'Os Premios', para promover o patrimonio arquitectónico de Lugo, o Camiño Primitivo do Xacobeo, ao seu paso por Lugo, e dinamizar o tecido artístico e empresarial da comarca establecendo conexións entre os e as axentes culturais (empresas, creadores e creadoras, artesáns e artesás etc.), a veciñanza e os peregrinos e peregrinas e facelos así partícipes e parte activa do proxecto.

Aproveitando o paso do Camiño por Lugo e a influencia da execución do programa comunitario Europe Direct, xestionado desde o Servizo de Desenvolvemento Local do Concello, ponse en valor o contexto rural e os núcleos de poboación que o integran, dándolle a Lugo unha maior dimensión e proxección cara a Europa.

A través desta convocatoria premiarase a seis artistas creadores/ras nacionais pertencentes o ámbito de diversas

disciplinas: artes plásticas, escénicas, musicais e/ou decorativas. Aceptándose proxectos que sexan, á súa vez, transversais entre calquera disciplina artística.

O obxecto dos Premios é a realización de seis intervencións artísticas en seis templos relixiosos situados no Camiño Primitivo de Santiago, ao seu paso por distintas parroquias do termo municipal de Lugo: Santa María en Gondar, San Lázaro en Capela do Carme, San Xóan Alto, San Vicente en Burgo, San Miguel en Bacurín e San Pedro de Abaixo en Mera. Todas as propostas deberán ser especialmente respectuosas co patrimonio arquitectónico, a contorna e o medio ambiente.

Outorgarase un premio de 3.000 euros por cada unha das propostas de intervención artística, esta dotación será abonada en dous prazos, a cada un dos/as seis gañadores ou gañadoras finalistas e irá destinada a cubrir os gastos de desenvolvemento, produción e execución (montaxe) da obra resultante da proposta premiada.

A contía designada a atender o devandito premio ascende a un importe total de 18.000€ do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: 24100.48100-18.000€

A presentación dos/as candidatos/as e das propostas realizarase telemáticamente a través da web habilitada polo Concello de Lugo para este Premio: www.connexio.gal

2. Requisitos dos e das artistas candidatos/as.

Poderán participar nesta convocatoria artistas creadores/as nacionais maiores de idade, de diferentes disciplinas artísticas, e presentándose un máximo dunha solicitude por titular.

3. Datos, forma e fases para a presentación ao Premio:

Todas as solicitudes deberán presentarse por vía electrónica na web www.connexio.gal cumprindo os prazos establecidos.

3.1. 1ª FASE (Do 1 ao 12 de xullo de 2020.) Rexistro on- line (pre-inscrición) dos candidatos e das candidatas.

Bases I Premios CONNEXIO, espazos para a reflexión

Os e as artistas que queiran concorrer ao premio (os "candidatos/as") deberán de realizar unha pre-inscrición-cumprimentando un formulario a través da web www.connexio.gal

3.2. 2ª FASE (Entre os días 13 e 17 de xullo de 2020). Confirmación de rexistro dos candidatos e as cadidatas á presente convocatoria.

A organización comunicará por e-mail ou telefónicamente a cada un dos/as candidatos/as, cuxa pre-inscrición fose recibida completa e correctamente, a confirmación de que foron aceptados/as para a seguinte fase: envío das propostas de intervención artística dos espazos.

Cada participante recibirá neste momento a información do espazo que terá que intervir (planos, fotos, localizacións, características, etc...). Esta asignación realizaraa o comité técnico baseándose nas preferencias marcadas polos creadores e creadoras na pre-inscrición, a orde de recepción da mesma, e o criterio do comité tendo en conta as características de cada espazo e as prácticas artísticas de cada un dos creadores e das creadoras.

3.3. 3ª FASE (Desde o 18 de xullo ao 10 de agosto de 2020). Envío e recollida das propostas de intervención artística.

As propostas deberán presentarse e enviarse de forma telemática a través da web www.connexio.gal, seguindo todas as instrucións e cumprimentando o formulario que se atopará na mesma, tendo que cumprir coas características técnicas que se lles especifique.

3.4. 4ª FASE (Do 10 ao 31 de agosto de 2020). Comisión de valoración e fallo do Xurado.

O xurado fará unha selección de 6 obras/intervencións entre as propostas presentadas outorgando os seis Premios Connexio 2020. (Ver punto 4 para máis detalles sobre a valoración dos traballos presentados).

Do 10 ao 13 de agosto. Fallo do Xurado seguindo o sistema e criterios de valoración que se mostran nestas bases.

Comunicarase a resolución co nome dos/as seis premiados/as na primeira edición dos Premios "Connexio, espazos para a reflexión".

Do 14 ao 16 de agosto. Firma e aceptación do compromiso adquirido, por parte de cada un dos/as seis premiados/as, para a produción e execución das obras da propostas gañadoras.

Do 17 ao 31 de agosto. Realizarase o primeiro abono parcial (1.500€) a cada un dos/as seis artistas premiados/as, co obxectivo de comezar a producir as obras ou intervencións artísticas a partir do 1 de setembro, nos espazos asignados.

3.5. 5ª FASE (Do 1 ao 30 de setembro de 2020). Produción e execución das intervencións artísticas nos espazos.

Durante o mes de setembro os/as seis artistas gañadores/as levarán a cabo as súas intervencións artísticas, en base á proposta seleccionada (memoria) cumprindo o calendario de traballo presentado e as características técnicas descritas na proposta premiada.

Unha vez concluída e finalizada a intervención artística/obra realizarase o segundo e último abono do Premio a cada un dos artistas referidos por un importe de 1.500€.

Bases I Premios CONNEXIO, espazos para a reflexión

4. Comisión de valoración e resolución

A avaliación dividirase en dous partes:

1. Pre-inscrición: Recepción e valoración das candidaturas e asignación dos espazos para intervir. Avaliación do Currículo e dossier de traballos realizados polos artistas (portafolio).
2. Avaliación da proposta de intervención presentada e fallo do Xurado. Os criterios de valoración das propostas terán en conta:
 - Que o proxecto estea en consonancia cos obxectivos desta convocatoria.
 - Que o proxecto responda a criterios de orixinalidade, calidade e excelencia.
 - Que o proxecto sexa viable, coherente e estea presentado con claridade para poder valorar a produción e execución do mesmo.
 - Que o proxecto teña capacidade para crear redes de colaboración multidisciplinar entre os/as veciños/as e comunidade das parroquias nas que se atopan as igrexas.
 - Que se poida prever un plan de continuidade e sustentabilidade do proxecto.
 - Que o proxecto estea baseado nun discurso socio-cultural

que promova a riqueza patrimonial do termo municipal de Lugo e a súa proxección internacional cara a Europa.

O comité de valoración poderá emitir un informe declarando deserta a presente convocatoria se se considera que os candidatos non reúnen os requisitos esixidos para merecer a adxudicación do programa.

5. Xurado

A valoración das solicitudes e a proposta de concesión efectuarase por un comité de expertos e expertas composto por comisarios/as, xestores/as culturais, persoal da Diocese de Lugo e como secretario/a do xurado, con voz pero sen voto, un técnico ou unha técnica do Concello de Lugo.

A concesión destes premios efectuarase fomentando a concorrencia competitiva, dacordo cos principios de obxectividade, transparencia e igualdade.

6. Documentación necesaria para a materialización das propostas.

As persoas interesadas en participar nesta convocatoria deberán cumprimentar e presentar debidamente toda a

documentación solicitada en cada unha das fases. A información e todos os pasos a seguir estarán accesibles desde a web www.connexio.gal.

Deberase presentar a seguinte documentación:

FASE 1

- a) Solicitud (pre-inscrición) on- line debidamente cumprimentada.
- b) Documento nacional de identidade ou pasaporte (escaneado en JPG, PNG, GIF ou PDF)
- c) Currículo e dossier de traballos realizados (PDF/ Word)
- d) Carta de motivación para formar parte da convocatoria (PDF/ Word).

FASE 2

- f) Proposta de intervención artística, a modo de memoria de proxecto que deberá conter (PDF/ Word): unha descrición sobre a natureza do mesmo, os obxectivos, baseándose nos criterios do punto 1 destas bases, as fases de desenvolvemento e os plans de actuación (Calendario de traballo, con temporalización para a produción e montaxe da obra resultante do proxecto presentado), bosquejo final da obra ou intervención que levará a cabo no espazo para intervir,

Bases I Premios CONNEXIO, espazos para a reflexión

(o formato para o bosquejo é aberto: montaxe fotográfica, debuxo, maqueta, 3D, etc...)

g) Documento de cesión de dereitos da obra resultante por tempo determinado (tres anos) para comunicación pública. (PDF/ Word)

h) Aceptación das bases e consentimento expreso de cesión de imaxe (PDF/ Word)

i) Compromiso de execución e montaxe da intervención artística (PDF/ Word).

7. Obrigacións dos beneficiarios unha vez asignado o Premio.

Os artistas e as artistas premiados/as desta convocatoria terán a obrigaón de xustificar a aplicación dada aos fondos recibidos debendo cumprir ademais as seguintes obrigaóns:

a) Comunicar por escrito a aceptación das bases nun prazo máximo de dous días a partir da data de recepción da notificación de que foron premiados ou premiadas.

b) A realización dun proxecto concibido especificamente para o programa/convocatoria.

c) Desenvolver o proxecto para o que se foi seleccionado no prazo e segundo as condicións establecidas na convocatoria.

d) Aceptar e cumprir as accións de seguimento, control e avaliación que o programa establecerá a través dos mecanismos oportunos de avaliación dos proxectos e actividades correspondentes.

e) Xustificar por medio da memoria final a realización da totalidade da actividade no prazo sinalado.

f) Facer constar en toda información ou publicidade que o proxecto foi posibilitado polos I Premios "CONNEXIO, espazos para a reflexión" do Concello e o Centro Europe Direct de Lugo

g) Autorizar que se cite o seu nome, así como a reprodución gráfica do seu traballo para calquera tipo de difusión que o Concello e o Centro Europe Direct de Lugo, consideren oportuno facer en relación cos Premios "CONNEXIO, espazos para a reflexión".

8. Aceptación das bases, consentimento expreso, compromiso e execución da intervención artística.

O feito de participar no Premio, supón a íntegra aceptación e o cumprimento das presentes Bases, e o compromiso da execución da intervención artística, seguindo os criterios de calidade acordados coa organización e cumprindo os prazos estipulados nas mesmas.

Todos os e as participantes na presente convocatoria teñen que asinar e enviar debidamente cubertos todos os documentos solicitados para a participación nos Premios, incluíndo o documento de cesión de dereitos de obra resultante das intervencións artísticas premiadas na I Convocatoria dos Premios 'Connexio, espazos para reflexión', por tempo determinado para comunicación pública, incluíndo a través de terceiros, se fose preciso (ex. axencias e medios de comunicación, axentes e empresas culturais, etc)

Así mesmo os gañadores deberán garantir a autoría e orixinalidade das propostas de intervención presentadas, mesmo fronte a reclamacións de terceiros.

Incumprir as obrigaóns que se aplican na presente convocatoria por parte dos participantes poderá ser motivo de revogación dos beneficios da mesma reservándose o Concello de Lugo o exercicio de calquera dereitos e accións que puidese corresponderlle en aras á defensa dos seus intereses.

Unha vez concluída e finalizada a intervención artística/obra realizarase o segundo e último abono do Premio a cada

Bases I Premios CONNEXIO, espazos para a reflexión

un/unha dos/as artistas referidos/as por un importe de 1.500€, non obstante e previamente ao seu aboamento, verificarase en todo momento a execución durante toda a intervención artística, comprobándose o nivel de execución e seguimento a través do xurado profesional nomeado, e se o seu desenvolvemento se adapta a memoria inicialmente presentada, e conforme tamén a que finalmente deben presentar como condición do pago final. Polo tanto a avaliación e seguimento da execución das intervencións artísticas realizarase ao longo do seu desenvolvemento. O incumprimento neste senso, da execución conforme a memoria do proxecto de intervención artística pode dar lugar ao non aboamento do pago final ou incluso ao reintegro das cantidades percibidas.

9. Dotación e pago do premio.

O premio está dotado con 3.000 euros (suxeito ao disposto na lexislación vixente de IRPF en materia de retencións) a cada unha das seis propostas seleccionadas.

A dotación do Premio serán 3.000 euros por artista destinados ao desenvolvemento e produción de cada unha das obras e/ou intervencións

A dotación económica de cada un dos premios abonarase en dous prazos:

- O primeiro pago de 1.500 euros realizarase unha vez aceptado o Premio por parte dos/as artistas premiados/as no fallo do Xurado, tras a firma de todos os documentos solicitados na fase 2.
- Segundo pago e final pola mesma cantidade (1.500 €) estará suxeito á execución e produción final da obra/intervención que será condición indispensable para o abono do mesmo.

10. Dereitos de cesión das obras

O Concello de Lugo reservarase o dereito para publicar, comunicar, mostrar publicamente e difundir as seis obras gañadoras, durante os tres anos seguintes á concesión do Premio, como estime conveniente, en calquera forma, territorio, idioma ou modalidades, sendo sempre o obxectivo desta difusión de obra a promoción da mesma, creada para así mesmo promover a riqueza cultural e o patrimonio artístico de Lugo. O Concello se reserva por tanto o dereito de exhibición, reprodución, comunicación pública ou cesión da obra, así como o realizar, calquera outro tipo de modalidade de explotación a terceiros durante os tres anos sinalados anteriormente.

11. Outras consideracións

O Concello de Lugo como organizador dos presentes premios, resérvase o dereito de facer modificacións no programa, sempre que supoñan melloras no desenvolvemento do mesmo.

Debido á situación excepcional do Covid-19, o Concello de Lugo podería modificar as datas sinaladas anteriormente para cada unha das fases recollidas nestas bases, e tendo en conta a normativa sanitaria de aplicación no momento correspondente.

A resolución de calquera conflito ou litixio en relación co presente Premio dirimirase de conformidade coas leis españolas, someténdose expresamente ao foro ou xurisdición dos Tribunais de Lugo.

Non se avaliarán proxectos nin documentación complementaria e incompleta fose dos prazos fixados. As consultas relacionadas con este proceso serán atendidas a través do correo electrónico: info@connexio.gal